



fest igual 2023

A CORUÑA
do 1 de novembro
ao 3 de decembro

Organizan:

Colaboran:

Xestiona:





festigal.gal

O Festigal volve á Coruña do 1 de novembro ao 3 de decembro cunha programación que promove o acceso á cultura de todas as persoas

O festival das artes pola inclusión presenta a súa edición máis completa e variada.

Teatro, música, danza, grafitis, exposicións, encontros. Volve o Festigal, o festival de todas. Un proxecto que cumpre xa sete anos facendo cidade na Coruña e que busca romper coas trabas que se atopan moitas persoas á hora de crear e consumir cultura. Esta edición celebrárase entre os días 1 de novembro e 3 de decembro, Día Mundial das Persoas con Discapacidade, e resalta pola súa transversalidade temática e participativa no referente á creación cultural.

O peche do festival virá a cargo do recoñecido grupo de pandeireteiras PAN.SEN.FRON liderado por Xurxo Fernandes, que traballará xunto coa veciñanza do barrio O Campanario co fin de fusionar a tradición galega coa riqueza da cultura xitana e poñela en valor. Previamente, unha variada programación con representacións teatrais dirixidas a público escolar para concienciar sobre diferentes aspectos como o acoso escolar, a situación dos mozos e mozas tuteladas, a inclusión en lingua de signos e a barbarie das guerras.

A programación, pensada para facilitar o acceso á cultura a calquera persoa independentemente das súas capacidades, vértase ao redor das pezas artísticas nas que veñen traballando durante meses asociacións e profesionais a prol da inclusión na cidade. Entidades como Experimentadanza, a Asociación Cultural Negus, a Sociedade Filatélica de A Coruña, a ONCE, a Asociación Cultural AÍS, a Asociación Proxecto Máscaras, Poten100mos, a Asociación Participa para la Inclusión Social,



a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes de A Coruña ou TresxCuatro, apoiadas polo **Programa de Cultura Accesible e Inclusiva da Fundación Emalcsa e o Concello da Coruña**.

Ademáis, e tralo éxito do ano pasado, o festival celebrará a segunda edición de “*Música baixo as estrelas*”, unha gala na que participarán os artistas de rúa da cidade, que serán os encargados de dar o pistoletazo de saída ao festival. Será o día 01 de novembro no Teatro Colón.

Despois dun inicio por todo o alto, o calendario de actividades prolongarase varias semanas con espectáculos de danza, teatro, pintura e música. Todas as actividades serán de balde e entrada libre.

Como novidade, e co fin de que a accesibilidade chegue tamén aos espazos en liña, este ano realizamos melloras na web do festival (www.festigal.gal) para facela máis operativa ás persoas con problemas de visión, de audición, cognitivos e motores.

Dende a organización resaltan: “*Estamos orgullosas da cidade da Coruña porque é diversa e, por iso, a nosa programación tamén o ten que ser*”. O Festigal consolídase nesta sétima edición como un punto de encontro para reivindicar, dende Coruña para o mundo, un pensamento colectivo no que non deixar a ninguén atrás.



Festigal, o festival de todas

Xa son sete anos facendo cidade na Coruña. Sete anos rompendo coas trabas que se atopan moitas persoas á hora de crear e consumir cultura. O Festigal — *Festival das Artes Inclusivas da Fundación Emalcsa desenvolto polo Concello da Coruña* — nace e perdura cun fin: xerar espazos de convivencia e transformación ao redor das artes.

A programación, pensada para facilitar o acceso á cultura a calquera persoa independentemente das súas capacidades, espállase ao longo de varias semanas complementando a axenda cultural da cidade con propostas para todas. A través de distintas disciplinas artísticas, non só pretende concienciar sobre a urxencia de facilitar espazos nos que todo o mundo poida acceder ás artes, senón tamén da necesidade de crear dende as marxes para que o público xeral poida ampliar olladas.

“Estamos orgullosas da cidade da Coruña porque é diversa e, por iso, a nosa programación tamén o ten que ser”. O Festigal consolídase nesta sétima edición como un punto de encontro para reivindicar, dende Coruña para o mundo, un pensamento colectivo no que non deixemos a ninguén atrás.

Festigal trata de escapar dos circuitos normativos da cultura, moitas veces capacitistas, para construír un festival que poña no centro a accesibilidade e o goce de toda a poboación. Un proxecto colaborativo que é posible grazas ás usuarias das entidades sociais que traballan durante todo o ano para que esto se faga realidade.



festigal.gal

O Festigal avanza cada ano e, con el, tamén o fan as súas propostas e eixos temáticos.

As artes, por definición, son inclusivas. Pero tamén son transformadoras. O teatro e o mundo escénico, por exemplo, ergúense como un vehículo para a concienciación social, axitando emocións e chamando á reflexión colectiva sobre a nosa realidade.

En toda a programación do festival reivindícase que as persoas con diversidade funcional sexan creadoras de cultura. Esta realidade está en moitas ocasión invisibilizada. O feito de que estean en escena manifesta a necesidade de visibilizar estas realidades.

Ademais, nesta edición do Festigal poñemos o foco noutras formas de exclusión tamén moi presentes no noso día a día, en todos os ámbitos e en todas as franxas de idade.

Achegámonos ao público xuvenil para falar de dúas realidades presentes, visibles ou non, no seu día a día. A peza teatral Soños mergúllanos na vida dos mozos e mozas que medran en vivendas tuteladas: as súas vivencias, inquedanzas, prexuízos e experiencias non contadas. O tema do acoso escolar tamén estará presente a través de Dumbo, un espectáculo musicalizado recomendado pola Rede Española de Teatros para poñer sobre as táboas este tipo de situacións que asolagan os nosos centros.

Xurxo Fernandes e PAN.SEN.FRON porán a nota musical no Festigal 2023. Este grupo de pandeireteiras que percorreu o mundo por Rumanía, Bulgaria, Italia, India, Marrocos ou Cabo Verde preparan agora un espectáculo na súa cidade natal. Para esta ocasión, veñen

Programación



festigual.gal

traballando coa veciñanza do Campanario. Un proxecto onde a música pretende ser a porta de entrada para a convivencia artística das pandeireteiras coa veciñanza deste barrio.

1 de novembro

Gala Música baixo as estrelas (Kreze, Tecla Negra, Sophie Simonds Band, e Marmo Trazos xunto con Píscore)

Teatro Colón ás 19:00h

3 de novembro

Documental 'Musicoterapia: máis alá da música' de Iria Rajal.

Auditorio Sede Afundación Cantón Grande, 8 ás 18:00h

4 de novembro

Xornada de arte e saúde.

Colexio de Médicos. Dende as 10:00h ata as 14:30h e de 17:00h a 18:30h.

8 de novembro

Experimentadanza e a Banda Municipal de Música.

'Picasso: a mirada das mans'.

Centro Ágora ás 20:00h

9 de novembro

Experimentadanza e a Banda Municipal de Música.

'Picasso: a mirada das mans'.

Espectáculo para centros escolares.

Centro Ágora ás 11:00h.



festigal.gal

10 de novembro

Teatro Valacar. 'Liquidación de Existencias'.

Sala de Teatro Intermitente Valacar-Centro Once.

Espectáculo para centros escolares.

Sala de Teatro Intermitente Valacar (Centro ONCE) ás 11:00h

15 de novembro

Poten100mos coa Banda de música DiversidArte + Asociación AIS con 'A procura de ritmo e luz' + Asociación Proxecto Máscaras coa curta 'Estartap'.

Teatro Colón ás 18:30h

*** Antes do comezo do espectáculo, Os Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña estarán co seu 'Museo Virtual' para que as persoas que queiran poidan realizar unha visita 360 a unha das exposicións. A actividade require inscrición a través do formulario que se pode atopar en www.festigal.gal*

18 de novembro

Experimentadanza. Tuétano.

Centro Cívico Os Mallos ás 19:00h.

18 de novembro

Asociación Cultural Negus. 'Sesión Vermú Inclusiva Universal'.

Café Universal. De 14:00h a 17:00h

22 de novembro

Artefeito + Culturactiva Producións + Igaxes. 'Soños'.

Espectáculo para centros escolares.

Centro cívico Os Mallos ás 10:00h e ás 12:00h



festigual.gal

23 de novembro

TresxCuatro + Banda Municipal de Música + Robert Pier.

'Músicas Participativas e Inclusivas'

Teatro Colón ás 20:00h

30 de novembro

Caxoto e Gema Santos. *'É meu amigo?'*

Espectáculo para centros escolares.

Centro Cívico Os Mallos ás 10:00h

1 de decembro

Candileja Producións. *'Dumbo, o musical'*.

Teatro Colón ás 18:00.

3 de decembro

Xurxo Fernandes, PAN.SEN.FRON e a veciñanza de 'O Campanario'.

Centro Ágora ás 19:00h.

*** Antes do comezo do espectáculo, Os Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña estarán co seu 'Museo Virtual' para que as persoas que queiran poidan realizar unha visita 360 a unha das exposicións. A actividade require inscrición a través do formulario que se pode atopar en www.festigual.gal*


Dende o 30 de novembro ao 17 de decembro

Exposición *'Un xenio volve á casa'* da Sociedade Filatélica da Coruña.

Sala Municipal de Exposicións Salvador Mandariaga.

As artistas que fan Festigal

festigal.gal



Gala ‘Música baixo as estrelas’

As artistas de rúa da cidade participan nunha gala que pretende facer un recoñecemento a quen pon banda sonora ao noso día a día sen que moitas veces nos percatemos da súa presenza. Un espectáculo cheo de ritmos diversos que animará a todas as persoas do teatro. Participarán artistas como Kreze, Tecla Negra, Sophie Simonds Band ou Marmo Trazos.

Iria Rajal

Documental ‘Musicoterapia: Máis alá da música’

Unha peza audiovisual que nos achega ao mundo da musicoterapia, especialmente no ámbito da educación. O alumnado do colexio CEE Ntra. Sra. de Lourdes de Aspronaga protagonizará, xunto a Iria Rajal, esta obra que pretende mostrarnos os moitos beneficios desta disciplina na que a música chega a lugares que a palabra non alcanza.

Iria Rajal formou parte da plantilla titular do Teatro Real de Madrid como cantante de Ópera e creadora de “*Vibria*”, un proxecto de musicoterapia e pedagogía musical para nenos e nenas con necesidades especiais de apoio educativo apoiado nunha metodoloxía propia á que denominou “*Método Vibria*”.



festigual.gal

Xornada de arte e saúde Colexio de Médicos

A III Xornada Arte e Saúde ven este ano acollida e presentada pola Unidade de Cuidados Paliativos do Hospital de Oza no que a coordinadora, Rebeca Ponte, exerce a súa labor. Daráselle visibilidade a distintos proxectos que no ámbito sanitario inclúen a arte e os procesos de creación con fins terapéuticos.

Coñeceremos a experiencia da Área de Psiquiatría do Hospital Piñor de Ourense - varias veces premiado a nivel europeo -, o proxecto “*Arte e Emocións*” que se desenvolven no Chuac e proxectos de creación expositivos de pacientes do Hospital de Igualada de Cataluña.

Conferencia, mesa de reflexión e obradoiro experiencial.

Experimentadanza + Banda Municipal Picasso: a mirada das mans

Un espectáculo de teatro e danza profesional onde hai artistas en escena con e sen diversidade funcional e no que se mesturan danza contemporánea e teatro. A obra xira entorno a algunhas etapas artísticas de Pablo Picasso. Nela aparecen pouco a pouco os personaxes das súas obras destacando a nenez, e época azul en París, a época Rosa, o Cubismo, e acabando co famoso Guernica e a paloma da paz como símbolo dunha nova época na vida do autor.



festigal.gal

Teatro Valacar

Liquidación de existencias

O Grupo de Teatro Valacar, que pertence á Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE), crea esta peza dirixida por Pedro Rubín na que se pon en cuestión o valor do teatro fronte ao poder das bombas. Ten sentido facer teatro en plena barbarie de guerra? Unha compañía verase envolta en pleno conflito da Ucraína. Ante esta situación, o elenco estará inmerso na disputa entre o valor de seguir facendo teatro ou encartarse ao poder destrutor das bombas.

Asociación Proxecto Máscaras

Estartap

Un documental que se sitúa en 2020. A pandemia aterroriza ao mundo, baleira as rúas e enche o aire de lamentacións. Pero a Txuso, sorprendido e farto de dar ánimos despois de décadas en cadeirade rodas, ocórrselle unha idea emprendedora... Convence a Xoán, e conseguen montar ESTÁRTAP, cun éxito inmediato que lles leva a moitas contratacións para atender ás colas virtuais en espera de tratamento: *“Isto vainos cambiar!”*. *“Imos saír reforzados como sociedade!”*...

Pero chega a Nova Normalidade e a xente tolea de festa en festa como se non houbera un mañá. Todo o mundo é feliz. Todo o mundo... menos os socios da empresa. E agora que?

A Asociación Proxecto Máscaras (APM) loita por romper os estereotipos sobre a “normalidade” e as capacidades das persoas. Todo iso contado a través do audiovisual.



Asociación Cultural AIS **A procura de ritmo e luz**

Un concerto multimedia creado por persoas con diversas capacidades auditivas. Lámpadas, interruptores e chasquidos serán a base para este espectáculo performativo onde a música contemporánea dialoga coas artes visuais do século XXI.

AIS é unha asociación cultural que traballa dende o 2016 na cidade da Coruña para impulsar o diálogo entre a música e as artes vivas contemporáneas.

Poten100mos **Banda DiversidArte**

A Banda de percusión DiversidArte é un proxecto de cultura inclusiva da Asociación Poten100mos. Formada por 25 músicos con distintas diversidades e grazas á colaboración con outras entidades sociais e artistas recoñecidos como a cantante flamenca Sandra Calderón ou o magnífico percusionista senegalés Ibou Ndiaye, a banda de percusión DiversidArte ofrecerá un concerto único e divertido de 1 hora de duración con 7 temas en grao sumo variado, desde un tango, un blues, unha conga.

Un verdadeiro show que fará, sen dúbida, bailar a todo o público nunha celebración pola paz e a inclusión social.



festigal.gal

Asociación Cultural Negus Sesión Vermú Inclusiva Universal

A Sesión Vermú Inclusiva Universal estará amenizada polo alumnado de DJ inclusivo, que mostrarán as súas habilidades e o seu gusto pola diversidade musical. A Asociación Cultural Negus volve a traballar para achegar a música a todo o mundo coas súas sesións e obradoiros de DJ Inclusivo. A asociación xorde no ano 2001 para achegar “a cultura dos pobos”, tal e como o denomina a organización, a través da música e doutras manifestacións artísticas. Traballan con moi diversas disciplinas artísticas. Porén, a meirande parte do seu traballo está enfocado cara a esta última. Enfocan o seu traballo, sobre todo, ás músicas de raíces, ás músicas do mundo, ás jamaicas e á fusión, indo dende os ritmos máis clásicos ata os sons máis actuais.

Artefeito + Culturactiva + Igaxes + Culturactiva Productions Soños

Soños é a primeira obra teatral galega que trata a situación da mocidade tutelada dun xeito integral. Un espectáculo divertido, ameno e sorprendente, pero tamén cunha gran forza social. Unha ficción moi realista e con moito ritmo que nace do contacto directo do autor e directora con mocidade tutelada, levando as súas experiencias ao escenario. Soños é unha ventá á realidade da mocidade en risco de exclusión: amósanos o seu contexto, as súas aspiracións, os seus medos. Un espectáculo que vai chegar con moita facilidade ao corazón e á cabeza do público adulto e xuvenil.



festigual.gal

TresxCuatro + Banda Municipal + Rober Pier **Músicas Participativas e Inclusivas**

O proxecto 'Músicas Participativas e Inclusivas' nace coa unión da Asociación Cultural "Tres por Cuatro" e co creador, músico e compositor coruñés, Robert Pier. Nesta ocasión estará acompañado pola Banda Municipal de Música de A Coruña.

O espectáculo xira entorno aos mantras das emocións. Os artistas que realizan os obradoiros de Rober Pier practican estes mantras, un concepto orixinario do hinduísmo que se fundamenta na interpretación de cancións curtas e circulares que, segundo algunhas crenzas, teñen un poder psicolóxico e espiritual.

Caxoto e Gema Santos **É meu amigo?**

Unha historia en lingua de signos e lingua oral sobre a amizade, a comunicación, os medos e a xestión emocional apta para todos os públicos. Un espectáculo no que Caxoto e Gema Santos nos falan sobre a fragilidade humana máis tamén sobre unha das súas grandes fortalezas: a amizade.

Dumbo o musical **Candileja Producións**

Un divertido espectáculo para toda a familia cunha gran posta en escea e voces en directo que non só fala da inclusión senón que toca temas como o acoso que sofren as que son diferentes. Un musical con alma



que amosa que todos os individuos teñen algo que dicir, a pesar do tamaño das súas orellas. Dende Candileja Producións cren que non existe mellor personaxe ca Dumbo para falar sobre o acoso escolar. Dende a produtora teñen o obxectivo de axudar a rematar coas prácticas a través desta proposta cultural, social e educativa que poderán desfrutar tanto a cativada como a maiores.

Xurxo Fernandes e Pan.Sen.Fron + O Campanario

Xurxo Fernandes e PAN.SEN.FRON xúntanse coa veciñanza do Campanario da Coruña para nutrirse mutuamente das súas experiencias musicais. Neste espectáculo poderemos gozar dos sons da tradición musical galega que nos trae PAN.SEN.FRON mesturados con elementos da tradición xitana. Unha experiencia que romperá barreiras e poñerá en valor a tradición e cultura deste barrio.

Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña Museo en movemento

Museo en Movemento é un proxecto de artes plásticas dirixido a aqueles públicos que, por causas diversas, non teñen a posibilidade de desprazarse ás instalacións do museo, polo que é o museo o que se achega a eles.

A Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, baixo a supervisión e o aval do Museo de Belas Artes, favorece así a cultura accesible e inclusiva na cidade da Coruña.



festigal.gal

Sociedade Filatélica da Coruña **Un xenio volve á casa**

Exposición que homenaxea a figura de Pablo Picasso no 50 aniversario do seu falecemento. A Sociedade Filatélica da Coruña traballa para a expansión e fomento do coleccionismo de selos e manteñen un compromiso firme coa inclusión.

Asociación Participa para la Inclusión **Graffiti inclusivo 360°**

Participa para la Inclusión é unha asociación que desenvolve proxectos que fomentan a incorporación social de persoas en situación de risco. Este ano volven ao Festigal co seu proxecto graffiti inclusivo 360° co que fomentan a aprendizaxe interxeracional.

Experimentadanza **Tuétano**

Un espectáculo de danza inclusiva da compañía Experimentadanza. Tuétano fala da profundidade e de buscar o límite dos corpos. Unha obra que explora as emocións máis profundas do ser humano a través do movemento. A cadeira de rodas é un personaxe máis. Chegar ao Tuétano, querer chegar ata o Tuétano, bailar ata o Tuétano.



Sofía Caamaño Deus
Alejandro Nieves Rodrigues

comunicacion@culturactiva.org
697 812 362



fest igual 2023

A CORUÑA

do 1 de novembro
ao 3 de decembro

festigual.gal

